

"Galicia: a mirada interior", *Tempos novos*, nº1, 1997.

Fermín Bouza

## **Introito e contexto**

No debate sobre o que é unha nación hai unha grande dose de intereses en xogo que reviran o sentido máis ou menos científico do problema. En todo caso, os romanos, segundo recordaba o arqueólogo Blázquez, chamaban natio á Gallaecia. Era a única natio para eles. Tamén é certo que a Gallaecia romana era moito máis que a Galicia de hoxe,

pero non é menos certo que esta Galicia era o corazón da Gallaecia romana e a que hereda o nome. Que unha nación tan antiga, cunha nidia unidade interior, non fose capaz de chegar ó século XX na vangarda das "regiones" de España (España, sobre todo, no sentido da Hispania romana) quere unha explicación ben consistente que aínda non hai. A historiografía galega é aínda ben insuficiente para dar una versión fundada do proceso histórico galego: hai moitas mourenzas nesa narración, e tamén hai unha certa falta de análises máis interdisciplinares (non hai unha sociohistoria galega, nin unha antropohistoria e, como non, tampouco unha psichistoria). Os procesos económicos e demográficos son mellor coñecidos, pero sábese pouco da vida real dos habitantes da Galicia primeira, e o que se sabe son xeneralidades inducidas dende algúns restos materiais insuficientes. En xeral, enténdese hoxe por científico un relato histórico ben fundado pero moi precario, no que se albisca unha falta de hipóteses máis complexas para tempos que foron moito máis complexos do que hoxe nos imaxinamos. Nos relatos que forman os lexendarios de todo país, e tamén de Galicia, mestúranse realidade e desexo a partes non sempre iguais. E non só hai un lexendario popular, tamén hai un lexendario científico que determina as interpretacións históricas "de época". Os feitos, sen embargo, son menos doados de inventar. Pero os feitos van unidos ás interpretacións: non hai feitos puros –en certo modo–. Na historiografía galega nótase de máis o tránsito dunha historia romántica non moi científica, pero optimista e mobilizadora, a unha historia máis científica pero máis pesimista: é un reflexo dos tempos en que se fai esa historia, porque a ciencia, como ben se sabe, tamén ten a súas débedas co espacio e co tempo

no que se fai. Non hai unha ciencia á marxe da historia, e moito menos a ciencia histórica. A unha Galicia que aínda non volveu a crer en si mesma correspóndelle unha historia así, máis descreída.

Galicia ten diversas capas de poboación coñecidas: os campesinos neolíticos, que heredan ós primeiros habitantes do país; os celtas, que deixan poucas pegadas culturais explícitas, pero que sen dúbida aportan un xeito peculiar de entender a relación home/natureza moi propia dese pobo e que se pode rastrexar na cultura campesina do país, así coma unha certa actitude castrexa ou defensiva: o caso dos celtas, que non son unha invención romántica, exige un replantexamento da investigación cara á antropoloxía comparada; os romanos, que van a modernizar as comunicacións e a darlle ó país algunhas bases económicas de futuro, así coma unha certa conciencia territorial e nacional nacida tanto da resistencia activa coma nas lindes, uso e costumes que os propios romanos van a ir marcando na Gallaecia primeira: e os suevos, eses descoñecidos, que van a constituir unha élite nacional e unha gobernación propia. Eu diría que este é un país étnicamente mesturado, coma case todos, cunha base cultural de fonda pegada celta (na cultura pagana do campo) e romana (na cultura "cultura" da cidade), e unha ambigua pero certa memoria histórica da súa identidade nacional: foi un país independente cos suevos (aprox. 411–585), con Don García (1065–1070) e con Alfonso Raimúndez (1109–1126). Unha independencia absoluta, parcial ou relativa, segundo o momento histórico e as variadas circunstancias de cada caso. Foi tamén un país pouco favorecido polas alianzas (case sempre cos perdedores) que non asentou unha casta aristocrática autónoma que defendese coherentemente os seus intereses sociosimbólicos como nación e que puxese as bases dunha economía privada de acumulación en competencia coa Eirexa. Porque a foralización e subforalización da terra pola Eirexa (sobre a que recae de feito a definición do modelo económico galego, unha vez desmobilizada a aristocracia autóctona) impediu a concentración de riqueza e a aparición de excedentes que puideran ser investidos e mobilizados: impediu a riqueza, no seu sentido moderno, e xenerou un parasitismo fidalgo que marcou o tono vital das clases pudientes. Esta pobreza estrutural creou unha dependencia permanente, esnaquizou a conciencia histórica, a autoestima como pobo e as posibilidades dunha modernización eficaz. A Galicia de hoxe é filla, sobre todo, desta grande frustración.

# Enquisas e verdades

O obxectivo central deste artigo é resumir e comentar unha enquisa ben recente (novembro–decembro de 1996) do "Centro de Investigaciones Sociológicas" (CIS) sobre "Conciencia nacional y regional". E quizáis conveña dicir antes algo das enquisas para recuperar un pouco a fe nelas dos máis escépticos, porque os recentes fracasos electorais das enquisas non teñen que ver co tema aquí en cuestión: as enquisas electorais son unha cousa moi especial da que quizáis pague a pena falar noutro momento. Pero os problemas das enquisas "normais" de opinión, que non arrastran decisións electorais, son tamen normais e controlables. En xeral, estas enquisas son correctas e amosan o estado da opinión nun intre dado (nas enquisas electorais trátase de adiantar acontecementos). Aínda sendo verdade isto, tamén hai que ter en conta que hai unha marxe de error, e polo tanto hai que tomar os resultados centrais dentro desa marxe (que son os que se dan) cunha certa relatividade. Dito isto, o máis correcto é facerlle caso ás enquisas porque, en xeral, teñen razón.

Esta enquisa fúndase en 4.932 entrevistas a persoas de 18 e máis anos e de ambosdous sexos no territorio español (501 deseñadas en Galicia: probablemente non se fixeron máis de 363) cun erro mostral de  $\pm 1.69$  (4.47 se a desagregamos en Galicia); ten un nivel de confianza de 2 sigmas (95.5%), mostraxe polietápico, estratificado por conglomerados, coa selección aleatoria–proporcional das unidades municipais e seccionais, e a selección dos individuos por rutas aleatorias e cuotas de sexo e idade.

## **nacion e conciencia**

O de considerarse ou non unha nación é importante a efectos pragmáticos, cando menos: é ben sabido que as chamadas "nacionalidades históricas" que souberon negociar co estado o seu estatus dende unha conciencia popular que respaldaba a súa condición nacional (Cataluña e Euskadi) obtiveran unha serie de vantaxes que lles permitiu situarse mellor que aquelas outras (Galicia) nas que o respaldo "nacional" parecía menor. Este é o debate central. Porque a discusión pura e esencialista sobre o que é unha nación remata case sempre nunha metafísica do RH que ven a identificar ó nacionalismo (que é a aspiración dun pobo a manter un certo estatus político, cultural e económico) cun xeito de discurso parafeixista odioso e rexeitable. O nacionalismo é tamén unha opción racional e democrática que ten que ver coa

vontade dun pobo, nacida case sempre sobre claras bases históricas, culturais, lingüísticas ou económicas. O termo nacionalismo histórico é ben insuficiente para defini-lo problema, e hai que falar de moitas outras cousas amais da historia. E hai que falar tamén do que un pobo quere facer co seu nacionalismo, porque a opción da independencia non é a única nin ás veces, a máis necesaria. Pero son os pobos, democráticamente, os que van marcando o seu futuro, e ós pobos hai que deixarlles a última verba, sen que isto queira dicir que haxa que pecha-lo debate sexa cal sexa a vontade coxuntural dese pobo. A función crítica non se detén porque a historia tampouco semella que se pare nun punto eterno.

Nunha enquisa do ano 1990 (G<sup>a</sup> Ferrando, Aranguren, Beltrán, CIS, 1994: La conciencia nacional y regional en la España de las autonomías. De agora en adiante só "1990") un 18% dos galegos consideraban que Galicia era unha nación. Eran os terceiros na porcentaxe, tras dos cataláns (44%) e os vascos (30%). Na enquisa do CIS (1996) esas porcentaxes son, na mesma orde, do 16.4, 34.1 e 39.5: seguen sendo as porcentaxes maiores da resposta "nación". As diferencias, no caso galego, entre 1990 e 1996, poden ser debidas as marxes de error mais as diferencias mostrais, se ben no caso vasco e catalán véñense cambios que parecen ir máis alá: unha redución significativa da porcentaxe en Cataluña e un crecemento similar en Euskadi. Pero este dato hai que unilo, no caso de Euskadi e Cataluña, á cuestión da independencia: no apartado sobre autodeterminación deste mesmo artigo, dáse o paradoxo de que en Euskadi é maior o número de persoas partidarias da independencia có de aquelas que pensan que Euskadi é unha nación. Tamén é maior o número dos independentistas có dos autoderministas tanto en Euskadi coma en Cataluña. Estas contradicións, se non son debidas a erros na enquisa, amosan un certo caos social nestes temas. Pero algúns outros datos (lo 7.6 da poboación galega declara ter coma idioma materno o vasco-) indican algo non moi claro nalgúns números desta enquisa que non estou en condicións de crarexar.

A idea da nación galega parece arraigada nesa porcentaxe da poboación, e quizáis, a través de outras preguntas, pódese pensar que esa cifra (16-18) pode chegar ata arredor do 25%. Esa debe ser a tendencia: arredor dunha cuarta parte da poboación pensa (ou se conduce coma se) que Galicia é unha nación, e esa é a hipotética base electoral de partida para un partido de corte nacionalista.

Non deixa de ser interesante (1996) o dato colateral que nos di (usando unha escala de autoubicación de 0 a 10, de min. a max. nacionalismo) que os nacionalistas galegos (os que

declaran que Galicia é unha nación) son os mais moderados (6.41) de entre os nacionalistas hispanos: tanto os cataláns (7.72), coma os vascos (7.40), os andaluces (7.12), os canarios (7.51), os das Illas Baleares (7.50), os valencianos (7.26), os navarros (7.09) e outros non desglosados na enquisa, pero existentes, sitúanse máis preto do "máximo nacionalismo" (media española 7.47). Este é un dato de non doada explicación, pero que quizáis teña que ver coa prevalencia, en Galicia, do factor popular coma dominante sobre o propio factor nacionalista nese segmento de poboación, o que non debe pasar así noutras partes do estado, onde a nacionalismo está, de feito, por riba da ideloxía no sentido escalar (o BNG tamén ten votos de autoubicación ideoloxica centrista –5/6 nas escalas de autoubicación– nunha cifra que debe andar arredor do 15% dos seus votantes segundo cálculos meus con datos da enquisa: o 85% sitúanse entre 1 e 4 desa escala). En CiU e no PNV é dominante a autoubicación centrista, pero tanto nun coma no outro hai unha dereita e unha esquerda significativas nas escalas devanditas. HB concentra case todo o voto entre 1 e 2 da escala.

Pero estes datos son aparentemente contradictorios cos da enquisa de 1990 nos que Galicia queda en 2º lugar na escala de nacionalismo/ rexionalismo subxetivo (!xunto con Murcia en 1º lugar e Extremadura no 3º!). Claro que a pregunta é confusa, porque se introduce a palabra rexionalismo ó mesmo nivel que nacionalismo: non se trata, pois, de nacionalismo en estado puro, como o da enquisa do 1996. Pero non deixa de ser interesante: en Galicia, o que non se sinte nacionalista, síntese fortemente rexionalista (este dato non é corroborable neses termos na enquisa do 96, que plantexa outras preguntas non comparables). Non ocorre igual nas outras nacionalidades lingüísticas, onde o corte nacionalismo/non nacionalismo semella máis radical nesa enquisa do 90 (Cataluña ocupa un posto baixo, e o País Vasco está no quinto lugar). Velaí unha especificidade de Galicia nesa enquisa que hai que acoller con prudencia dada a confusión terminolóxica da pregunta.

A pregunta máis parecida do 96 (feita só ós "rexionalistas": os que din que Galicia non é unha nación) non é comparable porque o termo "rexionalismo" aparece agora desglosado (autoubicación nunha escala 0–10 de mínima a máximo rexionalismo): Galicia da unha autoubicación media do 5.72, por baixo da media do estado (5.96), anque está por riba de Cataluña (5.62) e preto do País Vasco (5.94): o máximo rexionalismo dáse agora en Canarias (7.47) e en Andalucía (6.86), que daban unha cifra de nacionalistas (no sentido de "nación") do 12.8% e o 7.9%, respectivamente (non confundir autoubicación –de 0 a 10, neste caso– con porcentaxe –de 0 a 100)

¿A qué se deben estas curiosas contradiccións entre o 90 e o 96?. Hai que ter en conta, sen dúbida, os problemas técnicos, pero estes non son suficientes para explica-las cousas: probablemente hai cambios reais de non doada interpretación e que afectan ó uso dos termos "rexionalismo" versus "nacionalismo". De feito hai en Galicia un 9.6% que ou ben non se sinten a gusto con ningún dos termos (4.6%) ou ben non contestan (5%). Máis ou menos coma nos outros sitios. Se se me permite unha frivolidade, diría que hai en todo o territorio hispano unha certa empanada mental co tema e un notable caos semántico.

## **lingua e nación**

A lingua pode ser unha condición suficiente para algúns estudiosos da especificidade nacional dun pobo, pero non é unha condición necesaria para a mesma cousa: hai moitas nacións coa mesma lingua. Tamén hai moitos estados-nación modernos (España entre eles) cunha diversidade lingüística interior que fala dun amoreamento de nacións nalgún punto da súa historia. Estes estados-nación plurinacionais presentan problemas de estruturación interior que non desaparecen ata que non se abordan seriamente eses problemas. A República Española escomenzou a facelo pouco antes da súa brutal desaparición, e o espírito co que se fixo parecía indicar unha solución do problema. Pero estes son outros tempos e outras xentes: aquela "ilustración" política desapareceu co réxime, e as cousas teñen hoxe outro xeito no que pesa aínda a herencia simbólica e material do franquismo. Tamén desapareceron aqueles líderes (Castelao, Aguirre, Companys), e diante deles xentes como Arzallus ou Pujol aparecen aínda como produtos da transición dende o franquismo e representan máis o sociotipo do predicador iracundo das misións de posguerra (o vasco puritano e ignaciano) ou do pequeno comerciante do Barsa sempre a maldicir na Cibeles. Fáltalle altura política e intelectual a ese nacionalismo e sóbralle toda esa tontería do RH ou do provincianismo radical. O caso de HB e do MNLV en xeral e ben distinto: a aposta do que foi nun tempo a esquerda nacionalista vasca pola estratexia do terror (non se lle pode chamar "loita armada" a iso) de ETA e o distanciamento total das teses da esquerda sobre a xusteza e oportunidade da loita armada nun intre dado, afastan a estes grupos da racionalidade política contida nas suas orixes de esquerda e dan hoxe a HB o carácter dunha formación moi antipopular, provocadora e aventureira, enfrontada co seu propio pobo e cos traballadores organizados en sindicatos (mesmo en sindicatos nacionalistas) nunha carreira de autodestrución de si mesma e do propio nacionalismo vasco, apoiando de feito as máis despreziables accións de terror, nas antípodas da esquerda histórica. E todo iso nun marco político que lle ofrece

outras oportunidades: non é excusa que a Constitución non recoñeza este ou aquel dereito: a política consiste en loitar por iso dende o agrupamento da poboación en maiorías políticas, e presionar dende aí. Pero para acadar maiorías políticas (non cidadáns aterrados) hai que convencer á xente. Porque acadar obxetivos políticos dese xeito non sementa un bo futuro para o pobo vasco, mesmo no caso da independencia.

E volvendo á lingua e á enquisa, tamén son diferentes os nacionalistas galegos (tomando como nacionalistas, a estes efectos de comentario, a aqueles que consideran que Galicia é unha nación –16.4%–) na consideración do primeiro factor que fai da súa Comunidade Autónoma unha nación: en Galicia, o 54.4% dos "nacionalistas" –no sentido citado– consideran que ese factor é a lingua. As porcentaxes son máis baixas en Cataluña (45.5) e en Euskadi (41.8), onde se reparten máis co factor historia (Cat: 30; P.Vasco: 25.3) e co factor cultura (C: 14.2; PV: 18.2). Tamén se reparte en Galicia, pero en menor medida (Hª: 15.2; Cult: 15.2). E dicir: a lingua é o principal factor subxetivo de identificación nacional en Galicia. O 54.9% dos galegos declaran ter o galego como lingua materna (-Olló: o 7.6 dos galegos declara ter o vasco–euskaldún como lingua materna: aquí hai gato empechado...trátase das respostas á pregunta nº6 do estudio 2.228 do CIS, para quen queira citalo) fronte ó 39.1% dos cataláns o catalán e o 16.4% dos vascos o vasco. Os galegos aprenderon a lingua na familia (78.1) e no ensino (12.5), principalmente. Pero entre os que falan ou coñecen a lingua propia, os galegos o len (73.6%) ou o escriben (39%) en menor medida que os cataláns (85%–46%) ou os vascos (75.1%–56.8). Os galegos que consideran que o ensino obrigatoria tería que ser en galego (19.2%) son algo menos que os cataláns en catalán (34.4) e que os vascos o vasco (24.2), pero a estas porcentaxes habería que engadirilles (para dar unha cifra máis real dos que son dalgún xeito favorables a unha entrada importante do idioma autóctono) as porcentaxes dos que consideran que debería ser a partes iguais entre o idioma propio e o español (Ga: 29.0%; Cat: 36.8%; Eus: 19.3%). Así teríamos que arredor da metade dos galegos (48.2%) son partidarios dunha moi importante entrada do noso idioma no ensino obrigatorio. Este dato fala dunha recuperación da autoestima coma pobo, alomenos no seu factor lingüístico, e abre o futuro a unha galeguización crecente do ensino, na que non van a faltar as tensións propias dun proceso así, no que algúns casteláns falantes negaranse a aprender a lingua galega, coma pasou en Cataluña co catalán, e Cataluña leva uns anos por diante neste proceso de recuperación lingüística. A posición dominante do idioma español non augura un bo futuro para as outras linguas se non se produce unha forte reacción popular a prol dos idiomas propios. Ou dito sociolóxicamente: os factores sociais no

seu conxunto non favorecen o desenvolvemento do galego, e a tendencia a longo prazo pula pola sua desaparición se non se producen reaccións político–sociais en contra desa tendencia. Ninguén crea que algúns avances parciais son moi significativos se non hai unha tendencia crecente no uso total do galego. Moito teñen que traballar nesa liña as organizacións lingüísticas ou sociais ou ideolóxicas para ir gañando para a causa do galego á parte da poboación que non está niso.

Tamén ten interés o dato dos medios de comunicación: lé a prensa en galego (3.9%) ou en galego e en castelán por igual (32,2%) o 36.1% da xente, esta suma (8.2+66.6) é do 74.8% para a televisión e do (8.2+54.9) 63.1% para a radio. Estas cifras son bastante ou algo inferiores cas de Cataluña ou o País Vasco (no referido, sobre todo, á lingua da propia comunidade).

Tanto os galegos (76.9%) coma os cataláns (79.1%) e os vascos (72.3%) están moi dacordo ou máis ben dacordo con que se lles exixa ós funcionarios da comunidade o coñecemento dos idiomas respectivos.

Na casa (58.9%), cos amigos (53.9%), nas compras (53.1%), polo teléfono (48,7%), no traballo (52.5%), nunha oficina da Administración Pública (45.3%), os galegos usan a sua lingua algo máis ou bastante máis cós cataláns ou os vascos, pero a usan algo menos cós cataláns (42.8%) cando pregunta algo na rúa a un descoñecido (41.6%).

En xeral, a identificación do uso do castelán coas clases medias urbanas (e as altas, por suposto) non favorece a extensión do galego no proceso (crecente) de urbanización de Galicia: acceder a niveis sociais medios (baixos ou altos) arrastra o abandono do galego coma un rito de paso na mobilidade social específica de Galicia: non só se deixa atrás a unha clase, tamén a unha historia de pobreza ou marxinação. O proceso diglósico (estratificación social como estratificación lingüística) ten mal remedio, e dependería da recuperación do galego en certas elites empresariais, políticas, artísticas, etc, que marcarían a pauta das clases altas–medias urbanas. Algo diso hai, pero aínda moi pouca cousa. Se as clases pudientes galegas están a "altura" da sua función histórica no pasado, estamos perdidos, dito sexa máis coma provocación que coma triste constatación dunha realidade que non ten porqué repetirse. E unha última consideración: o galego non é só unha causa romántica ou popular, tamén é rendible economicamente no mercado simbólico–material no que o valor engadido é

esa dignidade que cotiza. Sen entrar agora nas vantaxes cara a modernización galega.

## **galegos ou españois?**

Esta é unha das cuestións nas que se xoga frecuentemente coas emocións da xente (na mesma enquisa do CIS pregúntase sobre o que un sente cando España gaña algunha competición deportiva), como se ser galego e sentirse galego fora unha grave ofensa para os españois ou para os que así se sinten. Os que vivimos en Madrid temos que oír moitas veces esa pregunta, mesmo de xente benintencionada, e sabemos o duro que é, ás veces, sentirse galego. Amais, é unha pregunta capciosa que encerra unha trampa emocional non sempre resoluble para moita xente que se sente galega emocional ou/e racionalmente sen que elo signifique un desprezo polo español. É unha forma trágica de entender o sentimento nacional que non favorece a resolución dos problemas. Pero é a forma máis frecuente de abordar a cuestión por un certo nacionalismo español, mesmo moderado. Porque tamén hai un nacionalismo español herdeiro do vello réxime que é cousa seria: a falta de adversarios a man, atopa inimigos nas rúas madrileñas un sábado e outro, un venres e outro, castigando ós seus propios paisanos mesmo con agresións mortais. Hai, de feito, un nacionalismo español moi agresivo que ten un difuso pero certo apoio social baseado no rexeitamento do terror etarra, entre outras cousas.

Véñese preguntando dende hai anos por cinco posicións do sentimento galego/español (1.–só español; 2.– máis español ca galego; 3.– tan español coma galego; 4.– máis galego ca español; 5.– e só galego)

O sentimento máis nidamente español (sumando 1+2+3) entre as tres nacionalidades citadas aparece en Cataluña (12.9+11.5+36.5=60.9%); logo en Galicia (4.8+7.8+43.7=56.3%) e logo en Euskadi (5.3+4+36.3= 45.6%). E o sentimento máis autóctono (¿nacionalista?) (sumando 4+5) aparece en Euskadi (29.8+20.7= 50.5%, logo en Galicia (35.7+7= 42.7%) e logo en Cataluña (25.7+11= 36.7%). Comparados estes datos cos do 1990, nótase un retroceso do autóctono en Cataluña, e un incremento en Euskadi e Galicia (en Galicia, a suma 4+5 era, no 1990, de 24%): o incremento da conciencia autóctona identificativa (¿nacionalista?) en Galicia vai en progresión acelerada (do 24% ó 42.7% en 6 anos).

A porcentaxe de galegos que non consideran a España nin o seu país nin a súa nación e usan

a palabra estado e do 22.6%. Esta cifra e do 48.3 en Cataluña e do 61.1% en Euskadi. Como se pode ver, estas últimas cifras (España país–nación–estado) son algo contradictorias coas anteriores (sentirse español), e chegamos a un curioso paradoxo que amosa ben a situación de encrucillada da conciencia galega de pertencencia: o galego identifícase crecentemente con Galicia, máis ca con España, pero acepta aínda o estatus simbólico de España–nación–país, agás unha porcentaxe que se aproxima á cuarta parte da poboación.

Arredor da metade dos galegos están satisfeitos co actual estatus autonómico (49.5%), pero a outra metade está por un Goberno Central (15.5%), polo aumento das competencias autonómicas (20.1%) ou pola autodeterminación (5.8%). Un 9% non saben ou non contestan. Velaí, neses nostálxicos do centralismo ("un goberno central"), a porcentaxe do que poderíamos chamar involucionismo en Galicia: arredor do 15% da poboación representada na enquisa (18 e máis anos).

### **europesos, as veces**

"¿Se ve usted a sí mismo a menudo, a veces o nunca como ciudadano de Europa?". A esta pregunta os galegos responden a miúdo o 16.1%, ás veces o 43.5% e nunca o 35%. Máis ou menos coma as demais Comunidades Autónomas, sen que haxa diferencias moi significativas. A min a pregunta non me gusta moito porque e ambigua e préstase á confusión: non se sabe ben ó que se contesta e non e doada a interpretación. En todo caso, ese 35% de rexeitamentos frontais é unha cifra alta que está preto da media do estado (33.2%) e que amosa un problema real no proceso de europeización, xa coñecido por outras enquisas.

### **autodeterminación**

Esta é outra das cuestións confusas que se plantexan de xeito dramático no maximalismo político vasco, que toma como excusa a inexistencia constitucional dese dereito para practicalo terror. O tal dereito ten, como din os seus críticos filosófico–xurídicos, unha grande vaguedade e unha dificultade de aplicación. E certo, e isto engade dramatismo ó seu mesmo enunciado político: en primeiro lugar se lle identifica coa independencia, cousa incerta, e logo se lle imputa unha incertidume temporal ("¿cántas veces hai que repetir unha votación ata que saia o que queren os nacionalistas?") e espacial (no caso vasco, sobre todo:

"¿e Navarra, e o territorio vasco-francés?"). Hai de todo un pouco nestas críticas, pero no que teñen de racionais e certas, non parecen máis que problemas técnicos ou tecno-políticos a resolver unha vez decidido o estado a ir por tal camiño. Pero a cuestión principal é, ó meu modo de ver, máis de fondo: ¿ten futuro unha España como a de hoxe, cun grado crecente de tensión centro-periferia, ou e necesario repensar políticamente o futuro para reconstruir material e simbólicamente un estado, sempre problemático, ó que o franquismo engadiu un exceso de nacionalismo central?. As veces bótase en falta unha reflexión máis fonda e máis real sobre os problemas de estruturación do estado, e eu teño a impresión de que esa reflexión é cada día máis necesaria: todo o que se adiante nese territorio reflexivo é tempo gañado á incertidume e unha garantía de estabilidade fronte a todo problema, por grave que poida ser. Deixar as cousas para cando xa non teñen remedio e unha forma de facer política que crea unha tensión engadida á tensión normal de calquera cuestión complexa.

¿E posible xa, a estas alturas, reconducir non traumáticamente o proceso vasco para incorporar á nación vasca ó proceso devandito de reconstrucción?. ¿Ou xa é tarde?. Ou esta outra pregunta para o nacionalismo vasco: ¿qué van facer vostedes con ese 50% ou máis de vascos que non están no proceso de autodeterminación/independencia?. Preguntas normais pero dramáticas nun contexto crecentemente dramatizado no que non se albiscan solucións doadas dende as formas tradicionais de encaralo. Paseniño, o pobo vasco tende a dividirse moi radicalmente e moi militantemente e vai trazando o escenario do que xa parece máis unha confrontación interna (ata agora moi contida, pesia todo) ca unha confrontación co estado. Esta é outra reflexión nova e dura sobre este tema.

Sobre a autodeterminación, nunha pregunta con varias opcións matizadas, o 5.8% dos galegos quere que Galicia exerza o dereito de autodeterminación. Esta cifra e do 22.6% en Cataluña e do 37% en Euskadi. Pero se se suprimen as outras opcións e se pregunta por ese dereito sen máis a aqueles galegos que oiron falar do tal dereito ós partidos nacionalistas de Cataluña ou do País Vasco (un pouco menos da metade dos galegos), ó 19.6% dos galegos (da metade dos galegos, polo tanto) parécelle ben ou moi ben que algún partido político de Galicia reclame ese dereito. Se lles engadimos ós que lles parece "regular" (11.8%) a cifra é do 31.4%, anque ó 57.% dos galegos parécelles mal ou mai mal. O 10.9% non sabe ou non contesta. Trátase da metade dos galegos, co que habería, en principio, que partir por dous as cifras, anque isto tampouco garante a verdade.

Declaran a favor da independencia (nunha pregunta só para Cataluña e o País Vasco) o 33.6 de cataláns e o 43.6% dos vascos. Estas cifras son o suficientemente serias para que ninguén pense que replantexarse a estrutura do estado é unha frivolidade innecesaria. Ten que ser unha reflexión política xeneralizada, e ten que selo xa. O 60.9% dos galegos (dos galegos informados da petición dese dereito por partidos nacionalistas vascos ou cataláns: a metade e un pouco menos dos galegos) están máis ben en desacordo ou moi en desacordo con que Cataluña ou o País Vasco puideran exercer ese dereito á autodeterminación. Esta cifra é do 64.5% para o conxunto do estado. Hai unha tensión evidente, que non deba seguir crecendo, entre as diversas perspectivas.

En Galicia, son partidarios da independencia o 20.6% da porcentaxe do 31.4% (trátase dunha porcentaxe dentro doutra porcentaxe) ós que lles parecía moi ben, ben ou regular o exercicio da autodeterminación: aproximadamente un 6.5% dos galegos informados do dereito de autodeterminación (nos termos citados enriba) sería partidario da independencia: isto quere dicir, facendo números, que aproximadamente un 3% da totalidade dos galegos son partidarios da independencia.

### **o novo sistema de financiación**

Só o 26.1% dos galegos tiñan oído falar, no intre da entrevista, do "acuerdo alcanzado para modificar los mecanismos de financiación de las Comunidades Autónomas" (37.1 e a media do estado nese punto, pero a porcentaxe galega non se desvía moito de Comunidades coma Andalucía ou Valencia). E para esa porcentaxe para o que son válidas as porcentaxes que seguen (as porcentaxes que seguen son "interiores" a esta porcentaxe citada: son porcentaxe sobre a cuarta parte máis o menos da poboación galega):

O 42.2 % dos galegos pensa que o novo sistema de financiación é máis inxusto e o 33.6 que é máis xusto. O 59.7 dos galegos cre que as Comunidades ricas veranse beneficiadas co novo sistema de financiación, e as pobres veranse perxudicadas. Pero non se deben considerar pobres os galegos, porque o 34.1% cren que Galicia vaise beneficiar, e só o 31.8% cre que sairá perxudicada; o 16.3 cre que será indiferente. Pero máis da metade dos galegos (50.9%) cre que Galicia recibe peor trato que as outras Comunidades. Recórdese que son porcentaxes sobre o 26.1%.

## **o goberno autónomo**

Hai unha certa desviación en Galicia das medias estatais das porcentaxes de avaliación do goberno autónomo, que amosa ter ó seu arredor un maior descontento. Hai que lle sumar a iso a transición da autoubicación ideolóxica galega do centro–dereita ó centro–esquerda, para ver un panorama electoral moi complexo e ben interesante.

Estas xa son de novo porcentaxes sobre o total da poboación galega representada na enquisa: o 28.9% dos galegos cre que a xestión do seu goberno autónomo (PP) é boa ou moi boa (33.5% e a media en todo o estado co conxunto dos gobernos autónomos), pero o 49.5 a consideran regular (42.6% e a media estatal) e o 16% má ou moi má (12.6% é a media do estado)

O 45.8% dos vascos e o 59.8% dos cataláns cre que a xestión do seu Goberno Autónomo é boa ou moi boa. O 39.8% e o 33.2% cre que é regular, e o 7.2% e o 3.9% cre que é má ou moi má, respectivamente.

## **a cercanía a partidos**

Resulta sorprendente que a organización ou partido con menos rexeitamentos sexa o BNG, ó tempo que sinte a cercanía dunha cifra importante do electorado (a 2ª, case ó nivel do PP). Non debe ser alleo á interpretación disto a existencia desa porcentaxe de votantes centristas que dan o seu voto á que ata fai pouco considerábase unha organización radical, e que parece escomenzar unha interesante camiñada ata o centro do espectro ideolóxico dende presupostos nacionalistas de corte popular e esquerdista. Neste sentido, súmase á loita polo centro na que xa estaban o PP e o PSOE, probablemente pola propia presión dos seu electorado real e potencial.

En Galicia o 4.4% da xente considérase "cercana o muy cercana" a Esquerda Unida, 25.1% ó PP, 19.7% ó PSOE e 24.8% ó Bloque Nacionalista Galego: son as cifras dos electores máis próximos, moitos deles incondicionais. Pero o 48.1% considérase "distante o muy distante" de EU, o 40% do PP, o 39.4% do PSOE, e o 35.6% do BNG: son os rexeitamentos máis claros: as lindes que marcan a máis óptima extensión do voto no caso máis favorable. Pero tamén hai un cidadán que sen estar preto ou moi preto, tampouco está predisposto contra destes

grupos ("ni cercano ni distante"): o 23.5% para EU, 21.1% para o PP, 26.8% para o PSOE, e 23.5% para o Bloque Nacionalista: son aqueles ós que se pode chegar en certas condicións.

O 55.1% dos galegos pensa (moi dacordo ou máis ben dacordo) que nas eleccións autonómicas e mellor votar a un partido propio da Comunidade Autónoma. Esta porcentaxe é do 57.2% en Cataluña, e do 60.7% no País Vasco (a media do estado é do 39.3%). Se esta opinión tivese para Galicia unha tradución literal, a sorpresa ía ser maiúscula. ¿Porqué a xente non se comporta como fala?. O problema é complexo, pero debe ter que ver de forma notable coa ausencia de partidos galegos (ou de exclusiva implantación galega) para diversos segmentos ideolóxicos do electorado. E non só con iso, pero o tema é tan interesante coma longo e difícil.

### **¿de esquerdas ou de dereitas?**

Nunha escala de autoubicación do 1 ó 10 (canto máis baixo o número máis de esquerda e canto máis alto máis de dereita) obsérvase una esquerdización da poboación galega, que pasa (no valor medio) de pórse na cifra 5.12 en 1990, a cifra 4.73 en 1996: isto quere dicir que hay un desprazamento cara ó centro–esquerda (4.73) dende unha posición de centro–dereita (5.12). A media española é hoxe de 4.72. E dicir: a media galega coincide agora coa española. Isto quere dicir que hai unha creba da especificidade galega, que en 1990 (media española 4.73) situábase por riba (5.12) xunto con outras comunidades que, en xeral, seguen por riba da media: en Galicia semella que houbo un desprazamento real das cifras, anque sempre hai que ter en conta as características da mostra e do erro mostral para deixar unha marxe para a dúbida. Esta é a taboa completa de Galicia:

	Galicia	España
Esqe. (1–2)	11.2	8.3
(3–4)	21.9	24.5
(5–6)	23.5	32.1
(7–8)	12.9	9.6

De. (9–10)	3.8	2.8
NS	15.9	11.2
NC	10.8	11.4

Hai, como se pode ver, unha esquerda (1–4) similar (Ga: 33.1; Esp: 32.8), un centro (5–6) descompensado (Ga:23.5; Esp: 32.1) é unha dereita (7–10) algo máis forte en Galicia (Ga: 16.7; Esp: 12.4). E hai que ter en conta que é moi alta a cifra NS/NC: 26.7%.

### **algunhas conclusións**

Tirar conclusións non é doado nunca, pero menos nestes procesos de conciencia que teñen cambios as veces ben rápidos. Pero hai algunhas cousas bastante obvias que convén destacar:

- 1.–Hai un proceso crecente de galeguización que aparece moi claro nas preguntas sobre sentimentos de pertencencia.
- 2.–Hai un uso importante da lingua que ten a rémora dunha lectura e unha escritura máis baixa, sen que isto signifique que o galego teña resolto o seu futuro.
- 3.–Hai un número de galegos moi importante que queren en galego ou mixto o ensino obrigatorio.
- 4.–Hai un panorama electoral moi aberto, cunha dispoñibilidade grande do electorado, que da un pequeno pero significativo xiro ó centro–esquerda na autoubicación ideolóxica media.

Fermín Bouza